

O presente documento estará  
 exposto no Taboeiro de  
 Anuncios desta Deputación  
 desde o día 21-08-2024  
 ata a día 30-09-2024  
 O XEFE DA UNIDADE  
 PORTERÍA E VIXIANCIA



,8

### Anuncio

**CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, TRES PRAZAS DE PEÓN/PEOA GRANXA, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 09 de agosto de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, tres prazas de peón/peoa granxa, cota xeral, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:*

*Don David Fernández Rodríguez, para ocupar a praza número 1164, denominada peón/peoa granxa, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa granxa entrada número 1168, vinculado á citada praza.*

*Don Alfonso Alonso Vigo, para ocupar a praza número 163, denominada peón/peoa granxa, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de*

*Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa granxa entrada número 129, vinculado á citada praza.*

*Don Ibán Vázquez Ramos, para ocupar a praza número 170, denominada peón/peoa granxa, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa granxa entrada número 140, vinculado á citada praza.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."*

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O SECRETARIO XERAL, P.S A SECRETARIA-INTERVENTORA; Montserrat Conde López.

R. 2489

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21-08-2024  
ata a día 20-09-2024  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA